

*Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios con residencia en Galicia que cursan no ano académico 2008/2009, estudos oficiais fóra da nosa comunidade autónoma por non estaren implantados no sistema universitario de Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades, que foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 62/1988, do 17 de marzo.

A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a de Santiago de Compostela e a de Vigo.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes que queda concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. Nesta liña, con esta orde preténdese axudar a sufragar parte dos gastos que supón o desprazamento fóra da comunidade autónoma daqueles estudantes galegos que, por non estar implantada no sistema universitario de Galicia a titulación que desexan cursar, realizan estudos presenciais de carácter oficial e validez nacional nas universidades públicas de fóra de Galicia, dentro do territorio español.

Polo que antecede, esta consellería

### *DISPÓN:*

#### *Artigo 1º.-Obxecto.*

Convócanse axudas dirixidas a estudantes con residencia en Galicia que realizan estudos presenciais nunha titulación de carácter oficial e validez nacional nas universidades públicas de fóra de Galicia, dentro do territorio español, por non existiren eses estudos no sistema universitario de Galicia, co obxectivo de axudar a sufragar parte dos gastos derivados da súa estadía fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### *Artigo 2º.-Orzamento.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, por un importe global de 63.000 €, que poderá ser incrementado de acordo coas disponibilidades económicas da consellería.

#### *Artigo 3º.-Requisitos dos solicitantes.*

1. Poden solicitar estas axudas os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter residencia familiar en Galicia.

b) Cursar estudos presenciais conducentes á obtención dun título universitario de grao, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico en universidades públicas de fóra de Galicia durante o curso 2008-2009, que non sexa impartida nalgunha das universidades desta comunidade autónoma, ou que veñan cursando eses estudos con continuidade noutra universidade pública de fóra de Galicia desde antes de que se comezasen a impartir no sistema universitario de Galicia.

c) Estar matriculados en, como mínimo, 50 créditos, incluído neles o proxecto de fin de carreira.

d) Os alumnos que estean cursando estudos universitarios, deberán posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 1,5 puntos, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real Decreto 1044/2003. No caso de alumnos de ensinanzas técnicas, esta nota deberá ser igual ou superior a 1,20 puntos. Os alumnos que inicien por primeira vez o 1º curso universitario, deberán ter unha nota de acceso á universidade igual ou superior a 5,5 puntos.

2. Quedan excluídos desta convocatoria os alumnos que xa posúan unha titulación universitaria de carácter oficial e validez nacional, agás que esta sexa unha titulación de 1º ciclo necesaria para continuar os estudos de 2º ciclo, os que estean a realizar o proxecto de fin de carreira e aqueles aos cales se lles concedeu a axuda no curso 2007/2008 e non superaron o 75% dos créditos en que estiveron matriculados no citado curso incluíndo o proxecto fin de carreira.

#### *Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes, segundo o modelo ED424A que se publica como anexo á esta orde, asinado polo interesado e todos os membros da familia computables para efectos tributarios, presentaranse no rexistro único da Xunta de Galicia, dirixidas á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, (edif. administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias. Se a solicitude é remitida por correo, presentárase en correos en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario antes de que proceda á súa certificación postal.

Tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros oficiais das universidades do sistema universitario de Galicia, de conformidade coa Resolución do 25 de xuño de 2007, DOG do 3 de xullo, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do convenio de colaboración entre esta consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo en materia de rexistros administrativos.

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados.

2. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante.

b) Certificado de empadramento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Certificación académica oficial completa ou copia compulsada dela, con expresión da nota media do expediente académico, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1497/1987, modificado polo Real decreto 1267/1994, e polo Real decreto 1044/2003. Os alumnos que estean cursando estudos de 2º ciclo por accederen desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación dese 1º ciclo, igualmente con expresión da nota media do expediente académico.

Os alumnos que acceden ao 1º curso dos seus estudos universitarios a través das probas de acceso á universidade, PAAU, deberán presentar o certificado da comisión organizadora da proba, no caso de Galicia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), conforme é considerado apto para o ingreso na universidade. Os titulados de formación profesional que soliciten o ingreso nos estudos ou nas titulacións universitarias de grao, de 1º ciclo, ou de 1º e 2º ciclo, ás cales lles dá acceso a súa titulación, deberán presentar unha certificación académica dos cursos realizados en que se inclúa a nota media do expediente.

d) Copia do xustificante de matrícula da universidade de fóra da comunidade autónoma con especificación dos estudos, materias e créditos de cada materia en que está matriculado no curso 2008-2009.

e) Declaración responsable do solicitante conforme non percibe ningún outro tipo de bolsa ou axuda de ningunha outra entidade pública para a mesma finalidade, coa que se entenderá cumprido o mesmo requisito exixido previamente ao derradeiro pagamento, no caso de non producirse variación.

f) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do interesado, no cal conste o número da conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dxito de control.

No caso en que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, deberá acreditar fidedignamente esta circunstancia, os medios económicos con que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio, que para todos os efectos será en que o alumno habite durante o curso escolar. De non xustificar suficientemente estes extremos, a solicitude será obxecto de denegación.

Na presentación da solicitude de bolsa o interesado autorizará a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar, para o que deberá presentar debidamente cubertos os datos que figuran na solicitude.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Enténdese por último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte; se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

#### Artigo 5º.-*Tramitación.*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas con motivos de exclusión no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), tamén poderán consultarse nas delegacións provinciais da citada consellería e nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 29 de abril deste ano. Os interesados dispoñerán dun prazo de reclamación comprendido entre o día 30 de abril ata 12 de maio ambos os dous incluídos para emendar erros e falta de documentación, que presentarán ante a Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, presentando a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos establecidos na Lei 30/1992.

#### Artigo 6º.-*Comisión avaliadora.*

1. A selección dos candidatos será realizada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente: o/a titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do sistema universitario de Galicia ou, por delegación, a persoa titular da Subdirección Xeral de Universidades.

Vogais:

-A xefa do Servizo de Financiamento do Sistema Universitario da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG.

-O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Secretaria: a xefa de sección de Apoio aos Estudantes Universitarios da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes algún dos compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto se nomee da mesma dirección xeral.

#### Artigo 7º.-*Selección.*

A selección dos bolseiros farase en réxime de concorrencia competitiva en función da media do expediente académico do alumno, calculada segundo figura nos artigos 3º e 4º desta orde. No caso de posuír un ou máis alumnos a mesma nota media do expediente académico, terán preferencia para a concesión da axuda aqueles/as alumnos/as que superasen un maior número de créditos.

A comisión, tendo en conta a prioridade outorgada de acordo coa puntuación do expediente académico, aplicará os criterios establecidos no número 8º para determinar a contía que corresponda a cada alumno beneficiario ata o límite do orzamento dispoñible.

#### Artigo 8º.-*Criterios para a determinación da contía.*

A contía que percibirá o bolseiro determinarase atendendo aos seguintes criterios:

##### 1. Expediente académico:

Criterios	Contía
A) Nota media do expediente académico dos estudantes universitarios:	
1,20 a 1,49	400 euros
1,50 a 1,99	600 euros
2,00 a 2,49	800 euros
2,50 a 2,99	1000 euros
3,00 a 3,49	1.100 euros
3,50 a 3,99	1.300 euros
4,00	1.500 euros
B) Nota de acceso á universidade, alumnos que inician estudos:	
5,5 a 6,49	400 euros
6,50 a 6,99	600 euros
7,00 a 7,99	800 euros
8,00 a 8,99	1.000 euros
9,00 a 9,50	1.100 euros
9,51 a 9,99	1.300 euros
10	1.500 euros

##### 2. Área xeográfica.

-Área xeográfica na cal estea situado o centro de estudos	Área xeográfica A, CC.AA. de Asturias, Castilla y León e Cantabria.	600 euros
	Área xeográfica B, CC.AA. de Euskadi, Navarra, Aragón, La Rioja, Castilla-La Mancha, Extremadura, Madrid, Andalucía, Murcia, Valencia, Cataluña.	700 euros
	Área xeográfica C, Comunidade Canaria Illes Balears, Ceuta e Melilla.	800 euros

##### 3. Ingresos familiares.

700 euros en rendas inferiores a 3.500 euros/membro da unidade familiar.

O importe máximo da bolsa concedida non poderá superar os 3.000 euros.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17, punto 3º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 9º.-*Resolución.*

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, un informe-proposta ao titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá resolución na cal constará a relación de concedidas, a de suplentes, e outra de excluídas coas causas de exclusión, se as houber.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para os efectos establecidos no artigo 23, número 4, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

#### Artigo 10º.-*Pagamento.*

A axuda aboarse na conta bancaria indicada polo interesado.

#### Artigo 11º.-*Incompatibilidades.*

Estas bolsas son incompatibles coa percepción de soldos ou salarios que impliquen vinculación con-

tractual ou estatutaria do bolseiro, con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, cando o importe deste ingreso supere o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), para o ano 2008 (importe anual 6.202,80 euros), así como con calquera outra bolsa destinada a ese mesmo fin por algunha das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

*Artigo 12º.-Obrigas dos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios comprométese ao cumprimento do establecido nesta convocatoria, especialmente respecto ás seguintes obrigas:

a) Residir durante o curso académico na comunidade autónoma onde curse os estudos universitarios.

b) Remitir á Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Subdirección Xeral de Universidades), unha vez finalizado o curso, a certificación académica oficial dos estudos realizados.

c) Comunicar por escrito a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia.

d) Informar o órgano concedente no momento de ter coñecemento da concesión doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, enviando unha nova declaración responsable, coas axudas obtidas.

e) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente.

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A presentación da solicitude de concesión da axuda comportará autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Consellería de Economía e Facenda os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.

b) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, cando proceda.

A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outor-

gamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1º k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro, total ou parcial, polo beneficiario, segundo o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia para adoptar todos os actos e medidas necesarias para a desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior do Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2009.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación e Calidade  
do Sistema Universitario de Galicia

*ANEXO*

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS A ESTUDANTES UNIVERSITARIOS EN GALICIA QUE CURSAN ESTUDOS OFICIAIS FÓRA DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA POR NON ESTAR IMPLANTADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED424A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS	NOME	NIF

**ENDEREZO COMPLETO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TÉLEFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS ACADÉMICOS**

ESTUDOS QUE CURSA FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA				
FACULTADE/ESCOLA			UNIVERSIDADE	
PROVINCIA	LOCALIDADE	TÉLEFONO	FAX	

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> COPIA DO DNI.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
<input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO NA C.A. DE GALICIA.	<input type="checkbox"/> DOCUMENTO FACILITADO POLA ENTIDADE BANCARIA.
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA OFICIAL COMPLETA.	
<input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE MATRÍCULA (2008-2009).	

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:** presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, no xeito que determine o órgano competente. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non está incurso nalguna das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**OBSERVACIÓNS:**

--

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE  
- Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de axudas a estudantes universitarios con residencia en Galicia que cursan no ano académico 2008/2009 estudos oficiais fóra da nosa comunidade autónoma por non estaren implantados no sistema universitario de Galicia.  
- Lei 11/1989, do 20 de xullo.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

--

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	
REVISADO E CONFORME	

NÚMERO DE EXPEDIENTE

_____
DATA DE ENTRADA
___/___/___
DATA DE EFECTOS
___/___/___
DATA DE SAÍDA
___/___/___

A/s persoa/s que abaixo asina/n autoriza/n a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Xunta de Galicia información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda, cando a persoa que figura na letra A desta autorización poida resultar beneficiaria.

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente e en aplicación da normativa vixente no imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 95.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo de autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP. para o desenvolvemento das súas funcións.

A ocultación ou inexactitude dos datos e circunstancias declaradas dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 2007**

**A.-DATOS DO/A SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN**

<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>NIF</i>	<i>SINATURA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**B.-DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO/A SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA. (Unicamente maiores de 18 anos)**

<i>PARENTESCO CO SOLICITANTE</i>	<i>ESTADO CIVIL</i>	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>NIF</i>	<i>SINATURA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**C.-OUTROS MEMBROS DA FAMILIA QUE RESIDAN NO MESMO DOMICILIO**

<i>PARENTESCO CO SOLICITANTE</i>	<i>ESTADO CIVIL</i>	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>NIF</i>	<i>SINATURA</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOTA: a autorización concedida polo/a asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

**DATOS ECONÓMICOS (ANO 2007)**

Se calquera dos membros da unidade familiar non presentou a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2007, ou tivo ingresos adicionais que non figuren na declaración, cubra os seguintes datos:

<i>NOME DO/A PERCEPTOR/A</i>	<i>INGRESOS TOTAIS 2007</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<i>TOTAL UNIDADE FAMILIAR</i>	<input type="text"/>

NOTA: neste punto deben incluírse, en todo caso, calquera tipo de ingresos (pensións, bolsas MEC, etc.) que non estean consignados nas declaracións presentadas xunto con esta solicitude.